

RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE

Hai dúas maneiras de recuperar a materia pendente de 1ª lingua estranxeira inglés:

Primeira opción: Aprobando as **dúas primeiras avaliacións** do curso actual, **e/ou a convocatoria final** apróbase automaticamente a materia pendente de calquera curso anterior cunha cualificación de 5. Se quixeran aspirar a unha nota superior a 5 deberán presentarse a algún dos exames que se detallan na segunda opción.

Segunda opción: Realizaranse dúas probas de produción e comprensión escrita (febreiro e maio, aproximadamente) nas que entra toda a materia do curso pendente. Se supera a materia pendente na primeira convocatoria, considerarase superada a materia e xa non haberá que presentarse á segunda.

De cara ao cálculo da nota da materia pendente, as probas escritas suporán unha porcentaxe da nota que varía segundo o curso (ver táboa). Para o porcentaxe restante da nota (“avaliación continua”) avaliarase o traballo do/a alumno/a no seu curso actual.

As porcentaxes por curso para calcular a nota da materia pendente son as seguintes:

Curso pendente	1º ESO	2º ESO	3º ESO	1º BACH
Proba escrita (febreiro ou maio)	50%	60%	80%	90%
Avaliación continúa	50%	40%	20%	10%

Material de reforzo para alumnos con inglés pendente: O material de reforzo atópase na aula virtual, no departamento de Inglés, en aberto. Este material poderá ser realizado polo alumnado e entregado ó/á docente de inglés do curso actual para a súa revisión e corrección.